



2 AO 29 OUTUBRO 2020
CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS - SADA

ACUARELAS DE PILY BONJOCH





Pily volve conectarnos coa
terra e coas emocións.

Con Fontán sempre presente
como punto de partida,
propón unha viaxe a países
achegados en espírito
que ollan incommovibels
o Atlántico...tan preto e,
ó tempo, tan lonxe.

Natureza viva, cambiante,
con enordecedora quietude
e inmutábel beleza;
as paisaxes falan e lémbrennos
que levan aí desde sempre
para quén as soubo ver,
respectar i entender.

Unha andanza vital chea de cores,
sempre auténtica.
Cunha Ría que soñou ser Océano
e unir naturezas, persoas, roteiros
e vidas a través das mareas e,
desde Sada,
lévanos a vivir en plenitude,
aínda en tempos
de abafante cautela.

Yago Carreira Bonjoch
Sada, outubro 2020





Elaboración da obra: Acuarela e lapis sobre papel.






Fontan, neste lugar principiou todo,
na contorna do meu lar.






As flores
do Roteiro








Aliados
do camiño






Brasil:
olha que coisa
mais linda...









Momentos de lecer na Patagonia Andina.









Morazon.
Marabillasme
sempre...







Ao redor do ano 82 atopámonos na Pablo Picasso da Coruña; voltaba dunha exposición en Sudamérica onde as súas acuarelas, literalmente, arrasaran.

Naquel tempo, Os Maestros da Escola: Patiño, Santiso, Cao, Neira, Luengo, Casares, Souto...refinan o seu estilo. A cerámica, A restauración, o deseño de interiores, o debuxo ... forman parte das artes que atesoura esta camaleónica creativa.

A "Movida Galega" dos anos 80 enriquecéuse coa súa participación: As súas colaboracións para Creadores de Galicia Moda con deseños de casetas en ferias internacionais, escenografías pra desfiles, a montaxe de espazos comerciais, o escaparate sorprendente e innovador, contribuíron e fortaleceron o mito dese gran evento que foi "A Movida".

As Exposicións de pintura, individuais e colectivas en España, Noruega e Américas, forman parte da súa carreira.

A súa última creación, ROTEIRO, é algo mais que unha exposición de pintura. Activa os teus sentidos. Podes escoitar a música que desprenden as acuarelas e cheirar a madeira das árbores pintadas nelas. E, sobre todo, transmiten esa cor, ese optimismo i ese desexo de vivir en liberdade que tanto precisamos.

Jesús Viñas
Sada, outubro 2020